

RESOLUCIÓN REITORAL DO 09/04/2024 POLA QUE SE CONVOCA O PREMIO ETIV-UVIGO AO MELLOR TRABALLO DE INVESTIGACIÓN “MANOLO RAMOS” NO ÁMBITO DA LOCALIZACIÓN DE VIDEOXOGOS.

Os Premios ETIV-UVigo á localización de videoxogos son uns galardóns institucionais promovidos polo Título Propio de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV) da Universidade de Vigo. Estes premios naceron co obxectivo de dar visibilidade a todos os profesionais da industria e fomentar, así mesmo, o emprego das linguas propias (galego, catalán e éuscaro). Ata agora, as categorías premiadas foron as seguintes:

1. Mellor localización de xogo con dobraxe
Nesta categoría entran todos os xogos que contén cunha localización completa que inclúa dobraxe en castelán.
2. Mellor localización de xogo sen dobraxe
Nesta categoría entran todos os xogos que contén cunha localización parcial na que a dobraxe estea dispoñible noutra lingua diferente ao castelán ou, simplemente, que non teña dobraxe.
3. Mellor localización de xogo indie
Nesta categoría entran os xogos de estudos de desenvolvemento medianos ou pequenos.
4. Xogo máis accesible
Nesta categoría prémíase a accesibilidade para facilitarlle a experiencia de xogo ao máximo de persoas xogadoras posibles (persoas con deficiencias auditivas e/ou visuais, persoas con limitacións físicas, etcétera).
5. Mellor xogo en galego
Nesta categoría prémíase ao mellor xogo en galego, xa sexa mediante tradución ou escritura directa do estudio de desenvolvemento.
6. Mellor xogo en catalán
Nesta categoría prémíase ao mellor xogo en catalán, xa sexa mediante tradución ou escritura directa do estudio de desenvolvemento.
7. Mellor xogo en éuscaro
Nesta categoría prémíase ao mellor xogo en éuscaro, xa sexa mediante tradución ou escritura directa do estudio de desenvolvemento.

Este 2024, os Premios ETIV-UVigo convocarán só esta nova categoría de premio: a mención ao mellor traballo de investigación Manolo Ramos. Esta oportunidade pretende recoñecer o labor do persoal docente e investigador en relación coa localización de videoxogos, así como fomentar liñas de investigación futuras.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, un premio para todo o persoal docente e/ou investigador que teña realizado e publicado un traballo relacionado coa localización de videoxogos dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2023 e que, durante dito período tivese unha relación contractual cunha universidade, tanto española como estranxeira, de polo menos un ano, que se xestionará de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.

2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e na páxina web dos Premios ETIV-UVigo (<http://premios.etiv.webs.uvigo.es/es/>).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica.

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

María Belén Rubio Armesto

ANEXO I BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DO PREMIO ETIV-UVIGO AO MELLOR TRABALLO DE INVESTIGACIÓN “MANOLO RAMOS” NO ÁMBITO DA LOCALIZACIÓN DE VIDEOXOGOS.

1. OBXECTO

Nesta edición 2024 convócase unha nova categoría de premios: a mención ao mellor traballo de investigación Manolo Ramos, dunha universidade **española** ou **estranxeira**

En caso de consideralo oportuno, o xurado poderá declarar os premios compartidos ou desertos. Calquera cuestión non contemplada nestas bases será resolta polo xurado.

A participación neste premio implica a aceptación de todas as bases desta convocatoria.

A información sobre os premios está dispoñible no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e na páxina web dos Premios ETIV-UVigo (<http://premios.etiv.webs.uvigo.es/es/>) onde se publicarán os resultados e todas as noticias que se consideren oportunas.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Para poder participar, as persoas candidatas deberán cumprir as seguintes condicións:

- Formar parte do persoal docente ou investigador de calquera universidade española ou estranxeira (na súa modalidade correspondente), ben sexa a tempo completo ou parcial durante un tempo mínimo dun ano entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2023.
- Non poderán participar os codirectores do Título Propio de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV).

- O traballo debe gardar relación directa coa localización de videoxogos.
- Deberá estar redactado nunha das seguintes linguas: español, galego, catalán, éuscaro, inglés, francés ou portugués.
- No caso de publicación con varios autores, só será rexistrado por unha persoa. A candidatura terá que ser validada por cada un dos autores. Neste caso, todos os autores enviarán un escrito asinado dando autorización expresa para presentar o traballo. Así mesmo, a persoa solicitante deberá acompañar os «índicios da calidade» da investigación que poderá consistir en:
 - o Relevancia científica da publicación.
 - o Relevancia científica do medio de difusión en que estea publicada cada publicación.
 - o Referencias que outras autoras ou autores realicen, en traballos publicados, á obra da persoa solicitante, que sexan indicativas da importancia da publicación ou do seu impacto na área.
 - o Apreciación, expresada sucintamente, da persoa interesada sobre a contribución da súa obra ao progreso do coñecemento, así como do interese e creatividade da publicación.
 - o Recensións en revistas especializadas.

3. INCOMPATIBILIDADES

O premio establecido nesta convocatoria é compatible con calquera outro premio da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN

O traballo gañador será premiado cun diploma acreditativo e un trofeo conmemorativo.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A inscrición realizarase a través dun formulario de Google Forms (https://docs.google.com/forms/d/1A47_dnFGE303QGuv6w2TA2kc6kQDcVO0ZCKCo2cAQac/edit).

Ademais, será indispensable achegar a seguinte información:

- O traballo en formato PDF
- Resumo do traballo en lingua galega ou española (máximo 3 páxinas).
- CV da persoa autora ou autoras seguindo o modelo de Currículum Vitae Abreviado (CVA) do Ministerio de Ciencia e Innovación (máx. 4 páxinas).

O xurado poderá requirir aos participantes en calquera momento do proceso a documentación acreditativa que considere oportuna.

O prazo de inscrición será do 01 de maio de 2024 ao 31 de maio de 2024. As persoas gañadoras daranse a coñecer nas webs sinaladas no apartado 1 por correo electrónico, así como polas RR.SS.

A documentación do resto dos candidatos será destruída nun prazo máximo dun mes despois de coñecer o fallo do xurado.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A selección será efectuada pola comisión de avaliación e reconecerán a labor realizado polas persoas investigadoras cuxos traballos representen un alcance significativo no campo da localización de videoxogos, premiando aquelas contribucións que presenten maior capacidade de avance do coñecemento producido nesta disciplina.

O xurado dos premios avaliará os traballos presentados segundo os seguintes criterios, sendo de dez puntos a puntuación máxima.

Os criterios agrúpanse deste xeito:

- Obxectivos e xustificación do estudo: ata 2 puntos
- Organización, metodoloxía e rigor científico: ata 2 puntos
- Validez e desenvolvemento dos resultados e conclusións: ata 2 puntos
- Adecuación dos contidos ao marco teórico e práctico da localización de videoxogos: ata 2 puntos
- Posibilidade de desenvolvemento ou aplicación práctica do contido: ata 2 puntos

Ademais, teranse en conta o formato, a ortografía, o estilo, a corrección gramatical e a adecuación expresiva.

A comisión de avaliación estará composta por persoas de especial relevancia no ámbito da docencia, de reconecida traxectoria investigadora e participación en grupos de investigación e a dirección do Grupo de Investigación Tradución & Paratradución (T&P) será responsable da selección do xurado de cada edición, así como de nomear ás persoas que o presidirá e ás que exercerán as funcións de secretaria. A súa composición, será publicada unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez que a comisión valore as solicitudes, enviaralle a proposta á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen adxudicará o premio mediante a correspondente resolución

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. PUBLICIDADE

Coa autorización expresa das persoas autoras, a organización poderá publicar na súa web os traballos premiados facendo constancia sempre da súa autoría. Estes autorizarán á organización para que publiquen nos medios que consideren oportunos os seus datos persoais, o resumo do traballo premiado e as imaxes publicadas no seu traballo.